

TEMA 3. A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo)

Palabras clave: *Castelao, Risco, Otero Pedrayo, galeguismo, revista Nós.*

No primeiro terzo do s. XX, especialmente entre 1916 e 1936, **a prosa en galego experimenta un desenvolvemento importante** grazas, en primeiro lugar, ó labor das **Irmandades da Fala** (1916), que crearon editoriais e impulsaron o cultivo de xéneros pouco desenvolvidos ata o momento e o uso do galego na prensa. Pero, sen dúbida, os autores máis destacados no eido da prosa son os do **Grupo Nós**, formado por Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas (o “Cenáculo ourensán”¹), ós que logo se uniron Castelao e Antón Losada Diéguez, entre outros. O seu nome vén dado polo título da revista que empezaron a publicar en 1920, a revista *Nós*. Estes autores, comparten unha serie de características comúns que os converten en xeración:

- proceden de familias acomodadas (agás Castelao)
- teñen gran preparación intelectual: universitarios, políglotas, coñecedores doutras culturas...
- son inicialmente individualistas e inconformistas (rexeitan o medio social en que viven)
- evolucionan cara o galeguismo e participan nas súas iniciativas (Irmandades da Fala, Seminario de Estudos Galegos²...)
- a nivel político, vinculáronse co nacionalismo (Partido Galeguista)
- no eido literario, levaron a cabo a consolidación e renovación da prosa (modernización da narrativa e creación do ensaio en galego)

Estes grupos de autores conviven cos da **Xeración do 25**.

1. NARRATIVA

Grazas á aparición dun espazo político e cultural de carácter galeguista, neste período **consolídase a narrativa galega**. A creación de editoriais e coleccións de novelas (*Céltiga*, *Lar*, *Nós*...) achegou a literatura galega ó gran público.

1.1. Os narradores das Irmandades

Son coetáneos do Grupo Nós e profesaron os mesmos ideais galeguistas. Espallaron a novela curta a través das novas editoriais e coleccións e renovaron as temáticas popularizantes e tradicionalistas previas. Destacan autores como Xosé Lesta Meis (*Manecho o da rúa*), Leandro Carré Alvarellos ou Francisca Herrera Garrido (*Néveda*).

1.2. O Grupo Nós

Foron os responsables da verdadeira modernización da narrativa galega. Incorporaron novos temas (exotismo, mitoloxía celta, filosofía...) e técnicas de moda en Europa, adaptándoas á nosa realidade.

¹ O “Cenáculo ourensán” foi un pequeno grupo formado por Risco xunto con outros intelectuais ourensáns que xuntou ó seu redor varios membros destacados da cultura galega e que acabou dando orixe a partir de 1920 ó Grupo Nós. Os integrantes do grupo crearon a revista *La Centuria*.

² O Seminario de Estudos Galegos (SEG) foi unha institución fundada en 1923 por estudantes e profesores da Universidade de Santiago (integrantes das Irmandades da Fala) que tiña por obxectivos estudar e divulgar o patrimonio cultural galego e utilizar o galego no ámbito científico.

❑ VICENTE RISCO (Ourense, 1884-1963)

Na súa evolución literaria pódense distinguir tres etapas: pregaleguista (antes do seu ingreso nas Irmandades en 1918), galeguista (dende o ingreso nas Irmandades ata a Guerra Civil) e a etapa da posguerra, na que se afasta do galeguismo e da literatura galega e se aproxima ó franquismo. Cultivou diferentes xéneros: narrativa, ensaio, teatro... A súa obra caracterízase polo **intelectualismo** e a **intención didáctica**, así como polo uso da ironía e a sátira para facer crítica social. Entre as súas obras narrativas destacan:

- “Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros” (1919), relato humorístico centrado no mundo de ultratumba no que o protagonista, o doutor galego Benito Alveiros, libera a momia de Tutankhamon.
- Un conxunto de relatos inspirados na literatura popular e con carácter didáctico: “O lobo da xente”, “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán”, “A velliña vella”...
- **O porco de pé** (1928), a súa obra máis importante. Trátase dunha sátira contra a burguesía e a sociedade urbana da época, encarnada no personaxe de don Celidonio, un comerciante de orixe castelá que chegou a Galicia para traballar nunha tenda e, tras casar coa filla do dono, foi ascendendo socialmente ata chegar a ser alcalde. Este personaxe representa a vulgaridade e o materialismo da burguesía, en contraposición ó intelectual doutor Alveiros.

O estilo de Risco caracterízase pola **sobriedade expresiva**, con escasos artificios retóricos.

❑ RAMÓN OTERO PEDRAYO (Ourense, 1888-1976)

Foi un escritor moi prolífico que cultivou tódolos xéneros. A súa vinculación co galeguismo fixo que ó comezar a guerra fose expedientado e cesado como catedrático de instituto e retirouse á casa familiar de Trasalba. Na posguerra serviu de guía á mocidade galeguista que estaba a xurdir nos ambientes universitarios. O seu papel foi fundamental no desenvolvemento da **novela longa**. Pódese clasificar a súa obra en:

- a. **Narrativa histórico-realista:** obras ambientadas na Galicia rural do s. XIX que narran o proceso de decadencia da fidalguía e a transformación da sociedade tradicional. Destaca **Os camiños da vida** (1928), que retrata esta temática a través da historia de dúas familias fidalgas ourensás, os Doncos e os Puga. A obra está estruturada como unha triloxía composta por tres novelas: “Os señores da terra”, “A maorazga” e “O estudante”. Pertencen tamén a este ciclo *O mesón dos Ermos* (1936) e *O señorito da Reboraina* (1960).
- b. **Narrativa psicolóxica, introspectiva:** xira arredor do conflito interior dos protagonistas. A obra máis representativa é a novela **Arredor de si** (1930), que retrata a conversión ó galeguismo da xeración do autor³ a través da viaxe física e interior na busca da súa identidade do seu protagonista, Adrián Solovio, representación do propio Otero. Adrián é un mozo universitario galego que logo dunha viaxe por España e Europa na que coñece outras culturas regresa a Galicia e na súa casa acolle o galeguismo.
- c. **Narrativa histórico-culturalista:** novelas nas que o historicismo e a evocación cultural predominan sobre a acción: *A romaría de Xelmírez* (1934) e *Fra Vernerio* (1934).

³ A evolución ideolóxica do Grupo Nós ata incorporarse ó galeguismo foi retratada en tres obras da época: o artigo “Dos nosos tempos” (1920), de Cuevillas; a novela *Arredor de si* (1930), de Otero Pedrayo; e o ensaio *Nós, os inadaptados* (1933), de Risco.

O estilo de Otero Pedrayo caracterízase por:

- Abundantes **descricións**, moi coidadas e con abundante adxectivación
- Numerosas imaxes, metáforas e símbolos
- Presenza de **referencias culturais** (historia, filosofía, música...)
- **Sintaxe complexa** (parágrafos extensos, oracións longas e subordinadas...)

❑ **ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO** (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950)

É a figura máis relevante da cultura galega do s. XX. Diferénciase do resto de membros do grupo pola súa orixe social máis humilde e o seu maior **compromiso coas clases populares** (fronte ó culturalismo de Risco ou de Otero). É un **home polifacético**: ademais de escritor (narrador, ensaísta e dramaturgo), destacou como pintor, debuxante, humorista gráfico e foi unha das figuras políticas máis importantes da historia de Galicia⁴, aínda que estudara Medicina.

A súa obra plástica (álbum *Nós*, viñetas *Cousas da vida*, *Cincuenta homes por dez réas*, os álbums de guerra *Atila en Galicia*, *Galicia mártir* e *Milicianos...*) e a súa obra literaria deben entenderse como un todo. A súa produción narrativa componse das seguintes obras:

- **Un ollo de vidro**. *Memorias dun esqueleto* (1922), novela curta centrada no tema de ultratumba que narra en 1ª persoa as vivencias dun esqueleto nun cemiterio de cidade, percibidas a través da prótese de vidro que lle tapara un ollo perdido. Nela faise unha crítica dos problemas sociais da época, especialmente do caciquismo.
- **Cousas** (1926 e 1929; edición conxunta de 1934), a súa creación máis orixinal, xa que conxuga a narrativa e a plástica. É unha compilación de relatos breves acompañados de cadansúa ilustración que completa o contido; a maioría están centrados nos problemas das clases populares e ofrecen un mosaico da realidade galega da época. As principais características da obra son a brevidade, o lirismo e o humor crítico.
- **Retrincos** (1934), conxunto de cinco relatos que recollen vivencias aparentemente autobiográficas de distintos momentos da vida do autor.
- **Os dous de sempre** (1934), única novela longa do autor, que dá conta das vidas paralelas e das ambicións de dous personaxes antagónicos, amigos dende a infancia, que representan dúas formas distintas de concibir a vida: Pedriño (preguiceiro, materialista e conformista) e Rañolas (afouto, idealista e soñador).

As principais **características da obra** de Castelao son:

- **Crítica social e achegamento ás clases populares**: as súas obras xiran maioritariamente arredor das problemáticas das clases humildes (denuncia das inxustizas, defensa dos máis débiles e dos que sofren, reivindicación da lingua galega, defensa da democracia...)
- **Humor acedo**, a través da ironía e da retransa, que busca a reflexión
- **Lirismo** (proximidade á poesía)
- **Brevidade** e sinxeleza (ausencia de adornos, cóntase o esencial; froito dun laborioso traballo de depuración)
- Estratexias de verosimilitude (manuscrito encontrado, testemuñas, detalles biográficos...)

⁴ Castelao participou na creación do Partido Galeguista e foi elixido deputado en 1931 e 1936. Foi un dos principais promotores do Estatuto de Autonomía, que foi aprobado en plebiscito en 1936 pero non entrou en vigor por mor da Guerra.

1.3. A narrativa da Xeración do 25

❑ **RAFAEL DIESTE** (Rianxo, 1899 - Santiago, 1981)

É o prosista máis destacado da xeración das vangardas e un membro relevante do xornalismo de preguerra, comprometido coa causa republicana. A súa produción narrativa redúcese a un só libro de relatos, ***Dos arquivos do trasno*** (1926), 20 contos de temática variada nos que retrata a psicoloxía da xente galega e presenta experiencias paranormais ou maravillosas, o que fixo deste libro un precedente europeo do chamado “realismo máxico”. A obra caracterízase pola brevidade, a ambientación labrega e mariñeira e a introdución do elemento fantástico (proximidade a *Cousas*).

2. ENSAIO

Arredor das Irmandades e do Grupo Nós producíse tamén o nacemento e a consolidación do ensaio e da investigación en galego, vinculada ó Seminario de Estudos Galegos.

2.1. Os ensaístas das Irmandades

As Irmandades crearon canles de difusión do pensamento galeguista e neles publicaron os seus artigos **Antón Vilar Ponte**, **Xohan Vicente Viqueira**, ou **Antón Losada Diéguez**, entre outros.

2.2. Os ensaístas do Grupo Nós

O ensaio foi o xénero que máis cultivou **Risco**. Converteuse no primeiro teórico do galeguismo coa súa ***Teoría do nacionalismo galego*** (1920), que serviu de guía dos nacionalistas na preguerra. Posteriormente publicou ***Nós, os inadaptados*** (1933), no que explica a evolución ideolóxica do seu grupo, e *Mitteleuropa* (1934), un diario da súa viaxe de estudos por Centroeuropa.

Castelao publicou en Bos Aires ***Sempre en Galiza*** (1944), ensaio político que condensa o ideario nacionalista, converténdose na “biblia” do galeguismo despois da guerra. Destacan tamén os seus traballos sobre a arte popular *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1950), a medio camiño entre o ensaio e a plástica. Ademais publicou o *Diario 1921*, que recolle anotacións e ilustracións da súa viaxe por Francia, Bélxica e Alemaña. Por último, cómpre salientar o seu discurso “Alba de gloria”, pronunciado en Bos Aires con motivo do Día de Galicia de 1948.

A ampla produción ensaística de **Otero Pedrayo** céntrase, fundamentalmente, en temas de xeografía e historia. Sobresae o seu ***Ensayo histórico sobre la cultura gallega*** (1933), inicialmente en castelán.

Florentino López Cuevillas destacou polos seus traballos de investigación sobre a prehistoria de Galicia, desenvolvidos arredor do SEG.

3. XORNALISMO

Finalmente, nesta etapa da nosa cultura hai que facer mención tamén ó labor desenvolvido na prensa, onde colaboraron practicamente todos os autores do momento. Neste eido destacan especialmente o xornal ***A Nosa Terra***, principal voceiro das Irmandades da Fala (1916-1932) e do Partido Galeguista (1932-1936), e a *revista Nós*, posta en marcha polos membros do Grupo Nós en 1920. A revista foi fundada e dirixida por Risco e contou con Castelao como director artístico. Tiña por obxectivo abrir a cultura galega ás tendencias europeas e universais e á renovación artística do primeiro terzo do s. XX. Esta foi a **publicación máis importante da Galicia da preguerra** e ocupouse de diversos campos da cultura galega: etnografía, xeografía, historia, música, arte... labor compartido co SEG.

ANEXO I: O TEMA 3 EN IMAXES



Integrantes das Irmandades da Fala

MEMBROS MÁIS DESTACADOS DO GRUPO NÓS




Castelao



Vicente Risco



Otero Pedrayo



Florentino López Cuevillas




Algunha das obras narrativas emblemáticas da literatura galega foron escritas nesta época



Neste período consolidouse o ensaio



Rafael Dieste, prosista máis importante da Xeración do 25



Principais cabeceiras en galego da época



Cartel de Castelao para a campaña do Estatuto de Autonomía



Os debuxos humorísticos de Castelao outorgáronlle gran popularidade. No álbum *Nós* e na serie *Cousas da vida* dá unha visión crítica da Galicia do seu tempo

ANEXO II: ESCOLMA DE TEXTOS DO TEMA 3

1. NARRATIVA

O porco de pé

Na posguerra, D. Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou coma o fol da gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e de Outras Sociedades. A parenta botou abrigo de chinchilla e *petit-gris*. Fixeron casa nova e teñen outro automóbil. Aínda podían ter máis. [...]

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo. O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro. Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Vicente Risco, *O porco de pé* (1928)

Risco narra neste libro o ascenso dunha burguesía urbana de orixe castelá. Emprega a **sátira** (pode apreciarse xa no título) para facer crítica social, un dos trazos que caracterizan a súa obra.

No fragmento fai unha **caricatura do personaxe de Don Celidonio, prototipo do burgués**. Ofrécese unha descrición negativa del, tanto física como psicolóxica, na que aparece animalizado.

Os camiños da vida

O dos Doncos era nomeado Pazo da Seara. Un dos millores de aquilas xurisdíós. O corpo da casa ergueito en fina canteiría, obra limpa dos barrocos do dazasete, sóilo se franqueaba ós camiños pola grande fachada composta da capela barroca, lindamente tallada en pilastras, bandas de roseiras e dinteles retortos, e a muralla almeada do patio, na que se abría o portal, e cara ó nacente por unha chea de fiestras enreixadas, como de mosteiro, dispostas en dúas fiadas, as de enriba bicadas polas longas pólas do souto da outra banda do camiño, sombrizo e temeroso na noite. No patio medraban buxos marelos pola vellez e deitaba a fonte. Polo sul e o poente, o pazo, plantado coma un señor, dominaba a larganza das millores terras do seu patrimonio.

Ramón Otero Pedrayo, *Os camiños da vida* (1928)

Nesta novela, Otero retrata a decadencia da fidalguía galega do s. XIX (narrativa histórico-realista). No texto aprécianse algúns dos trazos que caracterizan o estilo do autor, como as **abundantes descrições** e o uso dunha **sintaxe complexa** con extensos parágrafos e oracións subordinadas.

Arredor de si

Anoitecendo o segundo día, chegou Adrián da estación. Viña máis fraco, desfeito da viaxe. A nai, refuxiándose no seu peito, chorou por fin bágoas consoladoras. Fuxía a derradeira inquietude da cara do doente e a súa man acariñaba a testa do sobriño axeonllado. Na noite ficaron sós. Entón o doente faloulle ó Adrián:

—Meu fillo, vai ó despacho e descolga aquel mapa grande... Quero velo antes de morrer... O sobriño coa axuda do señor Pascual trouxo á alcoba o mapa de Fontán. [...] Adrián cunha vela na man ía alumando os lugares que o vello dicía con voz lonxana: Corme, Laxe, Camariñas, Niñóns... [...]

Naqueles instantes estraños e fondos figuraban lucir no mapa agras mareladas de centeo, ermos vestidos de flores de toxo e de piorno, serras penedosas, campanarios barrocos, xente que vai polos carreiros ós muíños e ás feiras [...]. Adrián sentíase conmovido ata o máis fondo do seu ser. Tremándolle a man foi alumeando todo o camiño de Santiago, a terra de Ourense, as dúas aldeñas xemeas do val onde eles estaban, parou un instante como un cirio funeral no nome de pobiño no que morría D. Bernaldo e logo foi recorrendo todo o debuxo das fronteiras e costas da Galicia: Don Bernaldo xa non falaba. Sorría. Grosas bágoas queimaban as fazulas de Adrián.

★★★

Algunhas veces Adrián coidaba oír un baixo latín cheo de mocidade e de futuridade. No comercio cos labregos, o esperto senso crítico de Solovio aprendeu ben pronto a falsidade dunha afirmación na que, por costume e preguiza, participara: a de ser o galego unha lingua vella, unha ruína, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e para a Filosofía, por exemplo. Pois que Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado.

Arredor de si dá conta do **cambio ideolóxico** de Adrián Solovio (representación literaria de Otero Pedrayo) en relación a Galicia e á lingua galega ata chegar ó galeguismo.

Ramón Otero Pedrayo, *Arredor de si* (1930)

Chámanlle a “Marquesiña”

Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peñños endexamais se calzaron.


Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chambra que pór e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!



Castelao, *Cousas* (1926; 1929)

En *Cousas* Castelao céntrase nos **problemas das clases desfavorecidas na Galicia de inicios do s. XX** coa intención de concienciar e convidar á reflexión. A obra caracterízase pola **brevidade, o lirismo e o humor crítico**.

Chegou das Américas un home rico



Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negriño foi medrando na aldea, onde aprendeu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gaña-lo pan. Co tempo fíxose mozo cumprido, sen máis chatas que a súa coor... aínda que era negro coma o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado cun caravel enriba da orella e unha póla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, coma tódolos mozos da aldea os anxeos de emigrar. E unha mañá de moita tristura, gabeou polas escaleiras dun transatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou pobre e endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...

Castelao, *Cousas* (1926; 1929)

Un ollo de vidro

Onte no rueiro falabamos das nosas vidas e chegoume a vez de contar a miña. Aínda non rematara de contala cando un esqueleto, deses esqueletos que parecen parvos, ergueuse coma un lóstregos e deume tan forte aperta que me rompeu unha costela. ¡Era meu pai! [...]

Hoxe meu pai, cun lagarto apreixado nas mans, faloume deste xeito:

—Teño de ir a San Andrés de Teixido para cumprir unha oferta que fixen e non cumprín en vida. A miña alma ten de encarnar neste lagarto e moito tempo tardarei en volver. Recoméndoches que teñas conta da miña cova e que de vez en cando botes unha ollada ó meu esqueleto, pois teño un veciño coxo e pode roubar-me unha perna.

Nesta obra predominan o **humor negro** e o **compromiso social**.

Castelao, *Un ollo de vidro* (1922)

Pedriño e Rañolas representan **dous xeitos antagónicos de concibir a vida.**

Os dous de sempre

Pedriño, o fillo máis vello de Farruco, veu vivir coa tía Ádegas. El era manso, doce, alabeeiro; pero tamén lacazán, pousafoles, e máis que nada comellón e lambeteiro. [...] Cando algún compañeiro comía unha mazá, Pedriño achegábase a el, paseniñamente, e dicíalle con verdadeira humildade:

—¡Non tires o carozo, eh!

[...] O seu amigo máis achegado era o Rañolas [...] As pernas do Rañolas estaban tan encartadas que para andar de présa tiña que axudarse das mans, camiñando a catro pés. A tía Ádegas sempre lle berraba ó sobriño:

—Eu non sei que gato andades a esfolar, ti e mais o xuncras de Rañolas. ¿Non haberá na vila un rapaz do teu igual? Que o Noso Señor me perdoe; pero dáme noxo verte sempre con ese eivado.

[...] Con todo a tía Ádegas non gustaba do Rañolas, aínda que lle tivese mágoa, pois o malpocado rapaz proviña dunha caste ruín. A súa nai, enlordada de pés a cabeza, non tiña un penisco por onde o demo puidese collela. Era ladra, borracha e candonga. O seu pai... nin a mesma nai podería dicir quen fora. Agás da súa cepa e da súa facha, Rañolas era moi agudo, moi entendido e moi bo.

Castelao, *Os dous de sempre* (1934)

Sobre da morte do Bieito

Foi preto do camposanto cando eu sentín buligar dentro da caixa ao pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un). [...]

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto -comprendede, escoitade- polo tanto non podía, non debía dicir nada. Imaxínade nun intre que eu dixese: "O Bieito vai vivo". [...] Escorregaría por todos os beizos un marmular sobrecolleito, insólito: "¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo...!" [...] E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de todos os asombros e de todas as gratitudes. [...]

¡Ah! ¿E se entón, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viraríase inconmensurable e macabro ridículo. [...] ¿Comprendedes? Por iso non dixer nada.

[...] Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retrouso, deslicei:

-¿E se o Bieito fose vivo?

Dieste retrata a psicoloxía dos galegos e introduce o elemento fantástico.

O outro riu picaramente coma quen di: "Que ocorrencias temos", e eu amplifiquei adrede o meu falso sorriso de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto, cando xa pousáramos a caixa e o crego requeneaba. "Cando o crego remate", pensei. Mais o crego acabou e a caixa descendeu á cova sen que eu puidese dicir nada.

[...] Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. [...] E alá pola alta noite -non o puiden evitar- funme de camiño do camposanto, coa solapa subida, ao arrimo dos muros.

Ceguei. [...] Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xoume o sangue. No seo da terra unhas desesperadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí preto había un sacho... Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man. ¿Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa subida, pegándome aos muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno* (1926)

2. ENSAIO

Nós, os inadaptados

Ora, o problema é coma sendo coma eramos e coma somos, individualistas, inadaptados, antisocias, antigregarios, introvertidos, poidemos vir parar nunha cousa que semella tan cotián e gregarias coma é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega. A resposta está dada, moito millor do que eu poidera facelo, por Ramón Otero Pedraio na súa novela *Arredor de si*.

Arredor de si, máis que unha novela, é a autobiografía non dun soilo home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao que eu pertencín tamén. Polo seu mesmo individualismo, polo seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo todo o tempo dando voltas arredor de si —e cada un arredor de si mesmo— sen atoparse endexamais de todo.

[...] Despois de tantas voltas e revoltas [...] en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, coma os que andabamos a procurar por aí adiante. Pra salvármonos do vulgar [...] non cumpría ollar ao lonxe; cumpría ollar ben perto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos.

Vicente Risco, *Nós, os inadaptados* (1933)

O núcleo ourensán do Grupo Nós viviu inicialmente de costas á cultura galega; sentían interese pola literatura europea, polos mundos exóticos e polos temas esotéricos. Porén, ó ingresar nas Irmandades da Fala en 1918 (influídos por Losada Diéguez), experimentaron un cambio ideolóxico. Neste ensaio Risco explica como se produciu a **evolución dende un pensamento individualista e evasionista ata o galeguismo**, movemento social e comprometido.

Sempre en Galiza

Ningún idioma alleo —por ilustre que sexa— poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e grazas do idioma.

★★★

Castelao fai fincapé no valor da lingua como elemento identitario

Ten Galicia un idioma propio?

Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.[...] A esta fala popular, viva e gloriosa, os imperialistas chámalle *dialecto*. Mais eu preguntarlles: “Dialecto de que idioma? Do que vós chamades *español*? De ningunha maneira, porque o idioma que vós impuxestes pola forza é un irmán menor do galego. Acaso queredes dicir que é dialecto do latín? Pois entón chamádelle dialecto ó francés, ó italiano, ó romanés, porque tamén son fillos do latín e irmáns do galego”.

E diríalles máis: “Prohibistes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Expulsastes o galego das igrexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugastes o galego ante os Tribunais de Xustiza e chegastes a castelánizar barbareamente as toponimias galegas. ¿E de que vos valeu? Porque despois de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

Ideas principais deste fragmento: a dignificación da lingua galega e a denuncia da represión sufrida en tódolos ámbitos (escola, relixión, xustiza, toponimia)

Castelao, *Sempre en Galiza* (1944)

3. XORNALISMO

Primeiras verbas

Para ledicia de todos e para ensino de moitos, sai hoxe *Nós*. É a ansia que hoxe sente Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evidencia lumiosa da mañán, o que nos fai saír [...].

Os colaboradores de *Nós* poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas, [...] poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colexivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos.

Nós ha de ser a representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de se afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fóra da Terra. [...]

Querendo suprimir entremediaros antre o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as súas páxinas a prestixiosas personalidades estranxeiras que contan de nos honrar coa súa colaboración e tamén informar ó público galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

A revista *Nós* foi a publicación máis importante do momento. Naceu co obxectivo de abrir a cultura galega a Europa

Editorial do nº 1 da revista *Nós* (Ourense, 1920)